





#### **BOLETÍN INFORMATIVO DA BIBLIOTECA DA EUAT**

Número 85 - Xullo/Agosto 2025

#### Contido

Suxestións	1
Que hai de novo en monografías?	2
Que hai de novo en revistas?	5
Sácalle partido á nova interface de Aranzadi	7

#### **SUXESTIÓNS**

#### Manual práctico para el diagnóstico de los edificios.

Juan Monjó Carrió. 72.02/0405

Guía práctica para realizar o diagnostico dun edificio a intervir, tendo en conta os diferentes valores do mesmo: histórico-artísticos, funcionais e técnicos.

O manual refírese a todo tipo de edificios xa construídos, tanto aos considerados patrimoniais, con calquera tipo de protección cultural, como aos non protexidos.

A última reimpresión deste manual modifica a súa cuberta para reflectir que é o tomo 6 do Tratado de rehabilitación, adaptando á presentación do resto dos tomos da serie.





## DTIE 19.03: Calidad de la envolvente térmica de los edificios: infiltraciones y puentes térmicos.

Romero Rincón, Manuel J.; Aguilar Valero, Francisco Javier. 74/0

Este Documento Técnico de Instalaciones en la Edificación (DTIE) publicado pola Asociación Técnica Española de Climatización Refrixeración (ACETYR) céntrase en propor solucións orientadas á mellora da calidade da envolvente térmica dos edificios a partir de dúas estratexias principais, que son: Reducir o impacto das pontes térmicas e Minimizar as infiltracións. Así mesmo, avaliar o impacto das solucións propostas sobre os indicadores de eficiencia enerxética que se incluíron con exemplos de cálculo baseados nun edificio tipo de vivendas. A biblioteca tamén adquiriu recentemente os seguintes documentos técnicos de ACETYR: DTIE 5.02, DTIE 18.05, DTIE 1.08, DTIE

1.09 e DTIE 18.06.



# UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Biblioteca da E.U. Arquitectura Técnica

Campus da Zapateira 15071 A Coruña

Tel.: 881 012769 Fax: 981 167060

Email: biblioteca.euatac@udc.gal



# QUE HAI DE NOVO... EN MONOGRAFÍAS?

Neste apartado relacionámosvos, ordenadas por materias, todas as monografías que recibimos nos meses de xullo e agosto de 2025.

#### 34 Dereito, lexislación

<u>34/0408</u> Manual de supervivencia para pequeñas y medianas empresas. Javier Argente Álvarez, Francisco M. Mellado Benavente y Antonio Rodríguez Vegazo.

#### 378 Educación e Socioloxía

378/0495 Dibujo, luego pienso. Javirroyo.

#### 515 Xeometría descritiva

<u>515/0350</u> Dibujo técnico 1. Julia Torregrosa, Laura Trastoy.

<u>515/0351</u> Dibujo técnico 2. Julia Torregrosa, Laura Trastoy.

#### 628 Instalacións

AIRE ACONDICIONADO

Marcombo

628/0276 Manual de aire acondicionado. Carrier.

628/0752 DTIE 19.03: calidad de la envolvente térmica de los edificios: infiltraciones y puentes térmicos. Manuel Jesús Romero Rincón, Francisco J. Aguilar Valero.

<u>628/0753</u> DTIE 5.02: conductos y sectorización de instalaciones para la seguridad en caso de incendio. Molinos Fernández, Jon.

<u>628/0754</u> DTIE 18.05: rehabilitación energética de edificios de oficinas: descarbonización. Pedro G. Vicente Quiles, Simón Aledo Vives.

628/0755 DTIE 1.08: calidad de aire en hospitales. Manuel Gallardo Salazar, Esteban Domínguez González-Seco, Paulino Pastor Pérez

<u>628/0756</u> DTIE 1.09: ventilación en edificios terciarios. Asociación Técnica Española de Climatización y Refrigeración.

<u>628/0757</u> DTIE 18.06: rehabilitación energética de centros educativos: descarbonización. Pedro G. Vicente Quiles, Simón Aledo Vives.

#### 69 Construción

69/0849 Aplicación de pinturas e imprimaciones protectoras. EnteNova Gnosis.

004 Informática 004:69 Informática e edificación 004:72 Arquitectura dixital 006 Normas 03 Dicionarios e obras de referencia 33 Economía 34 Dereito, lexislación 378 Educación e Socioloxía 504 Medio ambiente 504:72 Arquitectura e medio ambiente 51 Matemáticas 515 Xeometría descritiva 528 Topografía 528.4 Orzamentos, medicións, taxacións e valoracións 53 Física e acústica 624 Estruturas 624.1 Mecánica do chan. cimentacións 628 Instalacións 658 Organización de empresas, obras, calidade 659 Catálogos comerciais 69 Construción 691 Materiais 699 Seguridade e hixiene 7 Historia da arte 71 Urbanismo 712 Paisaxismo 72.01 Teoría arquitectónica, tratados 72.02 Restauración e rehabilitación. Patoloxía 72.03 Historia da arquitectura e da construción 72.067 Arquitectura popular **721** Edificios 74 Debuxo, deseño e decoración 747 Interiorismo 76 Artes gráficas e deseño 77 Fotografía 802 Gramáticas, Literatura 9 Xeografía e Historia BIC AQT Biblioteca de interese cultural: novela, cómic, viaxes

**BP** Biblioteca profesional **DEP** Depósito

**TFG** Traballos fin de grao **TFC** Traballos fin de carreira

CD-ROM CD-ROMs
M (Monografías) Sobre un

**DVD** Dvds

arquitecto



#### 7 Historia da arte

<u>7 /0461</u> Gárgolas de Compostela. Vázquez, Benxamín.

#### 71 Urbanismo

71/0608 Tokio emergente: diseñar la ciudad espontánea. Almazán Caballero, Jorge.

#### 712 Paisaxismo

712/0329 Alternativas al césped. Filippi, Olivier.

#### 72.01 Teoría arquitectónica, tratados

72.01/0699 Reflexiones para jóvenes arquitectos. Pallasmaa, Juhani.

#### 72.02 Restauración e rehabilitación. Patoloxía

72.02/0405 Manual práctico para el diagnóstico de los edificios. Monjó Carrió, Juan.

#### 72.03 Historia da arquitectura e da construcción

<u>72.03/0795</u> El castillo de Soutomaior: un lugar lleno de historias. Piay Augusto, Diego.

<u>72.03/0799</u> 50 cafés históricos de España y Portugal. Franjo, Fernando.

72.03/0800 Memorias do Café Derby (1929-2020). Franjo, Fernando.

#### 74 Debuxo, deseño e decoración

74/0285 Dibujar la perspectiva. Leblanc, Yves.

74/0420 Color: una historia visual. Loske, Alexandra.

<u>74/0421</u> Cómo combinar colores: + de 3.000 paletas de color para artistas, diseñadores y crafters. Nagumo, Haruyoshi.

74/0422 Vivir con color: una guía práctica e inspiradora para embellecer tu hogar. Atwood, Rebecca.

# 

#### 747 Interiorismo

<u>747/0389</u> El libro de los muebles: aprende a elegir, colocar y cuidar los muebles que harán de tu casa un verdadero hogar. Ramstedt, Frida.

#### 76 Artes gráficas e deseño

76/0583 Mucho diseñito, pero de arte final poquito. Pedrosa, Saúl.

#### BIC AQT Biblioteca de interese cultural: novela, cómic, viaxes

BIC AQT/0426 Gorriones y halcones: el viento en la piedra. Blanco Sanjurjo, Carmen.

BIC AQT COMIC/0334 Palestina. Sacco, Joe.

<u>BIC AQT COMIC/0335</u> Historia ilustrada del confinamiento. Corsín, Alberto.

BIC AQT COMIC/0336 Okinawa. Higa, Susumu.

BIC AQT COMIC/0337 Busca y encuentra: 13, rue del Percebe. Ibáñez, F.

<u>BIC AQT VIAJES/0108</u> Moscú. Elsa Vicente y Cristina Gómez de las Cortinas

(coords.)

BIC AQT VIAJES/0109 Lugo en acuarelas. Baamonde,

Eduardo.

<u>BIC AQT VIAJES/0110</u> Un paseo ilustrado por Santiago de Compostela. Baqueiro Canabal, José.

<u>BIC AQT VIAJES/0111</u> Un viaje por el mundo en 24 mercados. Texto, Anna Desnitskaya; ilustraciones, Maria Bakhareva.



<u>BIC AQT VIAJES/0112</u> ¿Cuál es el país de las mil islas? y 99 preguntas más sobre viajes por el mundo. Redacción, Antoni Romeu i Alemany; ilustración, Bruno Martínez Tabares y Ariadna Reyes Fernández.

### **Q**UE **H**AI DE NOVO... EN REVISTAS?

A continuación, incluímos a listaxe dos últimos números de revistas recibidos. As ligazóns nos títulos dirixen ao rexistro da revista no catálogo da biblioteca. Para acceder aos textos electrónicos, primeiro hai que premer na opción **Dispoñible en liña**; se un título carece desta ligazón é porque non ten acceso electrónico ao texto completo:



Facendo clic en **Dispoñible en liña** chégase á sección do rexistro **Ver en liña**. A ligazón que figura tras **Texto completo vía:** (no noso exemplo, a ligazón en "Editorial") permite acceder ao contido da revista se estamos na rede da UDC.



Se queremos acceder ao texto completo desde fóra, será necesario un paso máis. Tras premer na ligazón de acceso, ábrese o seguinte cadro de diálogo, no que escolleremos a opción *Usuario UDC* e a continuación, autenticarémonos coas nosas credenciais da UDC (enderezo electrónico e contrasinal).



AITIM: boletín de información técnica - nº 349

Cemento Hormigón - nº 1028

<u>Cercha</u> - nº 165

CIC: arquitectura y construcción – nº 602-603

Construc: revista técnica de la construcción - nº 287

Demolición & reciclaje - nº 114

DPArquitectura - nº 50

En blanco - nº 38

iARQCO - nº 40

Infoconstrucción: IC - nº 98-99

Materials and structures - v. 80, no 6-7

NCIC: nuevos catálogos construcción - nº 5

Novoperfil - nº 372

Potencia - nº 720

<u>ProArquitectura</u> – nº 198

Revista de tecnología y productos para la protección solar - nº 156-157

Rocas y minerales – nº 632-633

<u>Técnica cerámica</u> – nº 502-503

Tecnoaqua - nº 73

<u>Tecnoinstalación</u> – nº 74

Vidrio plano - Especial Quién es Quién 2024-2025, nº 211

<u>Vítrea</u> - nº 109

# SÁCALLE PARTIDO A... NOVA INTERFACE DE ARANZADI INSTITUCIONES

A Biblioteca da UDC está subscrita á base de datos *Aranzadi Instituciones*, que dá acceso a lexislación (estatal, europea e autonómica), xurisprudencia, doutrina administrativa, convenios colectivos, contratos, bibliografía e enciclopedia.

A interface da base de datos agrupa no menú esquerdo todas as funcionalidades de busca, máis as calculadoras e a *Legalteca*, a biblioteca dixital de *Aranzadi La Ley*.




A páxina de inicio consta dun cadro de procura que, ademais da busca global, permite as buscas especializadas premendo nunha ou varias casas da pestana despregable:



Para as buscas específicas por tipo de documento (de lexislación, xurisprudencia, etc.) é preferible empregar o buscador completo adaptado a cada tipoloxía documental.

Pódese acceder a eses buscadores específicos premendo no elemento correspondente do menú esquerdo:



Estes buscadores especializados constan de:

- campos abertos, nos que tecleamos a nosa procura: texto, título...
- campos con índice ≡, no que temos que seleccionar o texto: voces, rango, organismo, boletín...
- campos de texto para introducir datas: escríbense con formato dd-mm-aaaa; pódese buscar por unha data concreta ou nun intervalo: desde dd-mm-aaaa a dd-mmaaaa



Nos buscadores especializados ofrécese a opción de procura asistida:



- Con todas as palabras busca documentos que conteñan todos os termos (intersección) en calquera parte do seu texto.
- Con algunha das palabras: equivale a unha suma xa que procurará os documentos que inclúan polo menos un dos termos.
- Sen as palabras obteremos documentos que non conteñan os termos que indiquemos.
- Coa frase exacta busca os documentos que inclúan exactamente esa expresión.

No buscador de lexislación, xunto á caixa de *Búsqueda asistida* atópase a de *Sólo normas vigentes*. Se se marca, a procura só recuperará normativa non derrogada.



# Busca especializada de lexislación:




A páxina de busca de lexislación consta dos seguintes campos:

 Texto/Resumen: procura por texto libre (en todo o documento ou no resumo); o sistema ofrece suxestións de busca conforme escribimos



- Voces: busca nun índice ≡ de conceptos xurídicos normalizados por Aranzadi. A busca mediante voces é especialmente útil na procura de xurisprudencia. A xanela emerxente que xurde tras premer na icona ≡ ofrece dous modos de localizar voces:
  - un buscador de termos xurídicos
  - unha árbore de conceptos ordenados alfabeticamente que vai desde os máis xerais aos particulares




Para engadir voces ao campo de procura séguense estes





- 1. Seleccionar todos os termos
- 2. Premer en Aplicar
- 3. As voces engádense ao cadro de busca

- Rango: busca nun índice ≡ dos diferentes niveis da xerarquía normativa (Constitución, Leis, Regulamentos, Ordes, etc.) normalizados por Aranzadi. A xanela emerxente que xurde tras premer na icona ≡ ofrece dous modos de localizar niveis:
  - o un buscador de tipo de norma
  - unha listaxe ordenada alfabeticamente



Número/ano/data da norma:



Por exemplo, a Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE), pode localizarse introducindo 38 no campo *Disposición número* e 1999 en *Disposición año:* 



Engadindo a data de publicación, 5 de novembro, co formato dd-mm-aaaa, a busca será máis precisa:



 Boletín e Número/ano/data da publicación: A data no nome da disposición é a do día en que foi promulgada. A data de publicación nun boletín oficial é posterior. Os boletíns oficiais poden ser:


- o Europeos: Diario Oficial da Unión Europea
- Nacionais: BOE, Boletín Oficial do Estado
- Autonómicos, coma o DOG, Diario Oficial de Galicia
- Provinciais, coma o Boletín Oficial da Provincia da Coruña

Por exemplo, como a LOE publicouse no núm. 266 do BOE o 06/11/1999, pode localizarse mediante a seguinte estratexia de busca:



• Por último, podemos escoller o *Organismo* que aprobou a disposición no índice do campo de busca dese nome.

# Busca especializada de xurisprudencia:



O buscador consta dos seguintes campos:

- Texto/Resumen: procura por texto libre
- Marginal: identificador interno asignado por Aranzadi a cada resolución xudicial. Ten a estrutura RJ\ano\número, onde RJ significa Repertorio de Jurisprudencia. Este Repertorio foi a publicación seriada na que a Editorial Aranzadi publicou entre 1930 e 2006 as resolucións do Tribunal Supremo.
- Voces: busca nun índice = de conceptos xurídicos normalizados por Aranzadi.
- Disposiciones aplicadas: permite a procura de xurisprudencia que aplica determinadas normas completas (leis, regulamentos...) o algún dos seus artigos seleccionados dun índice ≡ . A xanela emerxente que xurde tras premer na icona ofrece dous modos de localizar voces:
  - o un buscador de normativa
  - unha árbore de lexislación dividida en Normas Básicas (que inclúe a Lei de Propiedade Horizontal e o Texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana) e Otras normas (que inclúe o resto de lexislación de interese no eido da arquitectura técnica)



Exemplo: busca de xurisprudencia relacionada cos artigos 5 e 7 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación:



- *Tribunales*: permite limitar a busca á xurisprudencia a xulgados e tribunais seleccionados dunha lista. Os tribunais poden ser:
  - o europeos: Tribunal de Xustiza da Unión Europea
  - o de ámbito nacional: Tribunal Supremo, Tribunal Constitucional
  - de ámbito autonómico: Tribunais Superiores de Xustiza
  - locais: Xulgados de Primeira Instancia, Xulgados de Instrución

Exemplo: estratexia de busca de xurisprudencia ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:



 Tipo de resolución: permite escoller nun índice ≡ de tipoloxías xurisprudenciais. A máis relevante no eido da arquitectura técnica é a Sentenza, seguida de Auto, Resolución e Ditame.

A continuación, figuran unha serie de campos numéricos que permiten a localización directa ou máis precisa de resolucións:



• Fecha: data na que se ditou, co formato dd-mm-aaaa


- ECLI: European Case Law Identifier, identificador europeo de xurisprudencia, co formato ECLI:[código do país]:[identificador do tribunal]:[ano da decisión]:[identificador específico]
- Número/ano de sentenza/recurso

Por exemplo, a sentenza 151/2016, de 3 de marzo de 2016, da Sección 2ª da Sala de lo Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que anulou parcialmente o PXOM do Concello da Coruña (recurso 4363/2013; ESLI ES:TSJGAL:2016:1146), pode atoparse coa seguinte estratexia de busca:




Tanto o campo *Marginal* como o *ESLI* permiten localizar directamente a resolución.

Os derradeiros campos de busca do formulario son de menor interese. Por exemplo, o campo aurisdición permite refinar a procura ás ordes xurisdicionais de interese, que no caso da arquitectura técnica, serán a orde civil ou a contencioso-administrativa.




Na parte dereita das páxinas tanto do buscador específico de xurisprudencia coma o de lexislación ofrécense unha serie de funcionalidades engadidas:



Na páxina do buscador de xurisprudencia:

- Tesauros correspondentes a cada orde xurisdicional:
  - o Civil
  - o Social,
  - o Administrativo
  - o Penal
- Últimas sentencias

Se, por exemplo, se preme en *Administrativo*, ábrese unha xanela emerxente de busca semellante a que se chega tras premer nas iconas nos campos de procura mediante índice = cun buscador de conceptos xurídicos e unha árbore deses ordenados alfabeticamente:




Hai dous modos para ver a xurisprudencia relacionada co concepto seleccionado:


- premendo en Encontrar: ábrese unha nova xanela de resultados
- premendo na icona xunto ao termo seleccionado: despregase a continuación a listaxe de resultados



# As ligazóns á dereita do buscador de lexislación son




 Boletines oficiales: permite, tras seleccionar o boletín europeo, nacional ou autonómico do noso interese (1), localizar a lexislación publicada nunha data concreta seleccionada dun calendario (2)




- Normativa básica: permite partir dunha materia xeral: administrativo, civil..., ou dun ámbito territorial determinado. Por exemplo, pódese chegar a listaxe de lexislación básica (8 leis, 4 decretos) galega sobre Ordenación do Territorio, Urbanismo e Vivienda seguindo esta orde:
  - 1. Normativa básica
  - 2. Ámbito territorial: Galicia
  - 3. Urbanismo, Transportes y Medioambiente
  - 4. Ordenación del Territorio, Urbanismo y Vivienda

Outros buscadores específicos, á parte dos de lexislación e xurisprudencia, son os de:

- Doutrina administrativa: para a procura de "resolucións, ditames de Tribunais administrativos, económicoadministrativos e da Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública (antes, Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado)"
- Convenios colectivos: "de sector e empresa de todos os sectores de actividade, de ámbito provincial, interprovincial e estatal." Se neste buscador lánzase unha procura de convenios colectivos polo sector Construcción y afines, recupéranse máis de 1.300 convenios vixentes:



 Opinión experta: buscador especializado que permite a procura e consulta de artigos doutrinais por autor, voces, título/ISSN de revista e disposición comentadas:



Biblioteca EUAT Boletín xullo-agosto 2025

A ligazón *Revistas*, á dereita, ofrece Revistas acceso á listaxe clasificada por materias das revistas indizadas no buscador:




A ligazón á *Legalteca*, a plataforma de acceso aos libros e revistas electrónicas de Aranzadi La Ley subscritos pola Biblioteca da UDC, complementa o acceso e localización de doutrina xurídica:



Formularios:



O buscador de formularios permite localizar modelos de escritos que presentar no procedemento administrativo ou no proceso xudicial (civil, penal, contencioso-administrativo, etc.):



No ámbito da arquitectura técnica son de especial interese os formularios de ordenación de territorio, Contratos y otros modelos sustantivos urbanismo, vivenda e medio ambiente.

O buscador tamén ofrece modelos de contrato: civís (contratos inmobiliarios, de obra, propiedade horizontal...), mercantís, laborais e tributarios.



Tras unha procura en calquera dos buscadores da base de datos,

os resultados se mostran en páxinas con formato común: un cadro á esquerda, con buscador e campos seleccionables, para filtrar os resultados que figuran na sección central, ordenables por relevancia, data ou interese. O cadro da esquerda do formato común varía algo segundo do tipo de busca:

- No caso da procura de xurisprudencia, os resultados poden filtrarse mediante un buscador de texto na parte superior ou seleccionando unha serie de filtros, agrupados por:
  - Área do dereito: civil, contenciosoadministrativa, penal, social, fiscal...
  - Tribunal que ditou a resolución: do Tribunal Supremo a xulgados locais
  - o Data



Relevancia

Interés descendente Interés ascendente

Fecha descendente

 Veredicto da sentenza ou auto: estimatorio da pretensión, desestimatorio, etc.

Unha vez seleccionados os filtros de interese, prémese no botón inferior *Filtrar* para limitar os resultados.

A listaxe de resultados de xurisprudencia pode ordenarse por relevancia, interese e data.


Na base de datos Aranzadi, cada sentenza e resolución ten asignada unha puntuación pola súa importancia que se mostra como estrelas xunto ao seu nome nunha escala de de 0 a 5:




- A listaxe de resultados do buscador de lexislación ofrece os seguintes filtros:
  - Área do dereito: civil, contenciosoadministrativa...
  - Ámbito: internacional, europeo, estatal e autonómico
  - Rango da normativa: lei, decretolei, orde ministerial, regulamento, ordenanza, etc.
  - o Data



Neste caso, os resultados só poden ordenarse por relevancia e data:




- A listaxe de resultados dunha procura global en todos os recursos da base de datos combina os formatos das anteriores (xurisprudencia e lexislación):
  - En primeiro lugar, ofrece unha visión global dos resultados, cunha listaxe das sentenzas, das normas e das resolucións administrativas máis relevantes:



 Se na listaxe anterior se preme sobre Jurisprudencia ou Legislación, os resultados e os filtros son os mesmos que nos casos de buscas específicas de esas tipoloxías documentais:



Os resultados de cada busca móstranse na listaxe cunha serie de datos identificadores do recurso e datos específicos de cada tipoloxía documental:



- Xurisprudencia: resumo, relator e sentido do veredicto
- Doutrina administrativa: resumo
- Lexislación: data de entrada en vigor e relación de artigos onde se mencionan os termos da procura

Á dereita das listaxes de figura un menú con iconas para imprimir ou exportar os resultados.



É posible ver un extracto de cada resultado premendo na icona na esquina inferior dereita.



Facendo clic sobre o nome dun dos resultados da listaxe, accedemos á paxina de detalle do recurso, cuxo formato depende da súa tipoloxía documental:


- Páxina de detalle de sentenzas:
  - Texto completo con índice (antecedentes de feito e fundamentos de dereito) e análise xurídica dos fundamentos




Historia do caso: mostra a cadea de recursos



 Voces: termos xurídicos normalizados para facilitar a busca documental que os indizadores da base de datos asignan a cada sentenza ou norma xurídica:




Páxina de detalle de lexislación:



- o Texto con índice e buscador no menú esquerdo
- Versións e historia na norma: permite acceder e ao texto en galego e aos cambios e textos xa derrogados


# da norma, e mostra as relacións desta con outras normas:




- Voces
- Doutrina: artigos e capítulos de libro que tratan sobre a norma:




No texto na norma, xunto a cada artigo figuran unha serie de iconas con ligazóns a información complementaria:







# Outras funcionalidades da base de datos son as seguintes:



• Índices especializados: A base de datos ofrece dez índices:



 Os subíndices de máis interese para o eido da arquitectura técnica son Propiedad Horizontal y Arendamientos Urbanos e Urbanismo de Galicia, incluídos nos índices Civil e Urbanismo, respectivamente:



Tamén hai subíndices de interese en *Administrativo*, *Administración local*, *Fiscal* e *Social*.

 Os índices agrupan en forma de manual comentarios prácticos con precisións e ligazóns a xurisprudencia, lexislación e formularios para facilitar a obtención rápida de información por profesionais do dereito.